



Ernestina Otero

BIRAVXS

Ernestina Otero (1890-1956)

Ernestina Otero naceu en Redondela no ano 1890. Mestra e pedagoga, foi a maior de sete irmáns. Destacou no seu afán polo coñecemento e a formación. Realizou os seus primeiros estudos en Redondela e os de mestra elemental e superior en Pontevedra, que finalizou en 1908. Posteriormente ingresou na Escola de Estudos Superiores de Maxisterio en Madrid, e foi unha das primeiras mulleres en obter o título desta recoñecida institución. A súa traxectoria está marcada pola influencia da Institución Libre de Ensino. Coa Segunda República, puxo en marcha a reforma educativa; ademais, dirixiu a Escola de Maxisterio e presidiu o Consello Provincial de Primeiro Ensino de Pontevedra. Mentres desenvolve este último cargo, dinamiza diversas campañas para fomentar a asistencia dos nenos e nenas á escola, impulsa a creación de centros escolares e amplía a educación de persoas adultas. Colaborou tamén activamente co Seminario de Estudos Galegos e noutras iniciativas como a Escola Rural Galega. En 1933 asinou o manifesto dos intelectuais galegos a favor do Estatuto de autonomía. Coa guerra civil española separárona da cátedra e dérona de baixa na escala (12 de xuño de 1937). Unha vez terminada a guerra, revisouse o seu expediente e recuperou o seu cargo, iso si con «traslado forzoso e inhabilitación para cargos directivos e de confianza» (7 de decembro de 1939). Deste xeito, empezou de novo en Ourense, onde permaneceu dez anos: o 1 de outubro de 1951 ocupou de novo a praza de profesora numeraria de pedagogía da Escola Normal de Pontevedra.